



RESOLUCIÓN

ASUNTO: AMPLIACIÓN DO HORARIO DE PECHER DOS ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO E DE FINALIZACIÓN DOS ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E DAS ACTIVIDADES RECREATIVAS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA FESTA POPULAR DENOMINADA FESTA DE FIN DE ANO E ANINOVO, ORGANIZADA POLA ASOCIACIÓN COMISIÓN DE FESTAS DA XUNQUEIRA DE CEE

EXPEDIENTE DECRETO: 2025/G003/001148

ANTECEDENTES:

EXPTE. Nº **2025/U029/000070**

A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, establece no artigo 4.c) que lle corresponde á consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas determinar o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas. Así mesmo, dispón no artigo 5.f) que lles corresponde aos concellos autorizar as ampliacións ou reducións sobre o horario xeral, atendendo aos criterios, os supostos e as circunstancias que, de ser o caso, figuren na orde de horarios prevista no artigo 17 da Lei.

A Orde da Vicepresidencia primeira Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo do 23 de outubro de 2020, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, dispón no seu artigo 9.1 que os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

Por Resolución da alcaldía nº 1148/2024, de data 17/12/2024, fíxose o número máximo de días naturais durante o presente ano 2025 nos que poderán ampliarse os ditos horarios neste termo municipal, conforme co disposto no artigo 9.2 da devandita Orde. Na citada Resolución indícase que as datas concretas de ampliación dos horarios determinarase mediante resolución da alcaldía, de oficio ou a petición de parte interesada.

No artigo 9.4 da Orde do 23 de outubro de 2020 sinalase que as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Logo de ver o escrito presentado o día 19/12/2025 con nº 202599900002122 de rexistro de entrada por (...), en representación da Asociación Comisión de Festas da Xunqueira de Cee, organizadora da festa/verbena popular coa denominación *Festa de Fin de ano e aninovo*, que se vai celebrar na Avda. Lino Rodríguez Madero, de Cee, (á altura do edificio de Facenda), o xoves, 1 de xaneiro de 2026 e no que solicita a ampliación do horario de remate da verbena nocturna.



Considerando a vontade deste Concello en apoiar e favorecer o movemento asociativo, que fai posible a celebración destes eventos, que repercuten positivamente en diferentes eidos municipais, así como apoiar o sector hostaleiro municipal, o cal se debe compatibilizar coa aplicación das normas en materia de contaminación acústica ou outras disposicións legais e, así mesmo, cos dereitos de terceiras persoas e co óptimo funcionamento dos servizos públicos.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º. **Autorizar a ampliación en 1 hora e media** sobre o horario xeral disposto nos artigos 5 e 7 da Orde do 23 de outubro de 2020, da **finalización da festa popular** denominada **FESTA DE FIN DE ANO E ANINOVO, na madrugada do xoves, 1 de xaneiro de 2026**, co cal, o horario máximo de finalización da festa popular o xoves, 1 de xaneiro de 2026, será ás **06.00 horas**.

2º. **Autorizar a ampliación en 2 horas** sobre o horario xeral disposto nos artigos 5 e 7 da Orde do 23 de outubro de 2020, do **peche dos establecementos de restauración** (epígrafe III.2.5, Orde do 23 de outubro de 2020) e de **ocio e entretemento** (epígrafe III.2.7, Orde do 23 de outubro de 2020) **situados na parroquia de Cee, na noite do mércores, 31 de decembro de 2025, ao xoves, 1 de xaneiro de 2026**.

3º. Os devanditos establecementos deberán contar co **título habilitante** correspondente (licenza ou comunicación previa con toda a documentación esixida) para o exercicio da actividade.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, o 22 de decembro de 2025.

A alcaldesa, *Margarita Lamela Louzán*

A secretaria, *Rocío Hermida Cancela*

[Documento asinado electrónicamente]